



CONCELLO DE CARBALLEDA DE AVIA

Rúa Castelao N° 4 32412 Teléfono: 988 487000 Fax: 988 487176
Web: www.carballada.deAvia.com E-mail: info@carballadadeavia.com



Biblioteca Pública Municipal
Carballada de Avia

BASES DO I CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL

OBXECTO:

Por vez primeira o Concello de Carballada de Avia a través da iniciativa de participación cidadá, presenta o Concurso de Decoración Do Nadal, dirixido aos veciños/as e comerciantes do concello de Carballada de Avia , co seguinte fin:

- Fortalecer a participación activa dos/as cidadáns/as
- Contribuír a suscitar un ambiente de Nadal decorativo baseado na importancia que posúe o traballo en común, a fraternidade ou a cooperación.
- Dar protagonismo activo aos/as cidadáns/as e colectivos como fonte de desenvolvemento e intervención comunitaria na localidade.
- Fomentar aqueles valores locais que queden expostos nos distintos elementos decorativos do Nadal.
- Cooperar no uso de materiais reciclables como recurso educativo á cidadanía a través da transformación do espazo.

XURADO:

O xurado estará composta por catro membros da corporación municipal e a encargada da biblioteca que actuara de técnico.

O xurado estará asistido pola Secretaria que será a funcionaria do Concello de Carballada de Avia, que levantará acta das consideracións dos membros do Xurado na súa labor de valoración dos elementos decorativos que se presentaran.

VALORACIÓN:





CONCELLO DE CARBALLEDA DE AVIA

Rúa Castelao Nº 4 32412 Teléfono: 988 487000 Fax: 988 487176
Web: www.carballeda.deAvia.com E-mail: info@carballedadeavia.com



O Xurado, que actuará con total independencia, na súa labor de selección dos premiados do presente I CONCURSO DE BALCONS, FIESTRAS, XARDÍNS, ESCAPARATES E FACHADAS POLO NADAL valorará fundamentalmente os seguintes aspectos de entre 1 e 5 puntos (máximo de 40 puntos).

- Diseño e orixinalidade.
- Creativada
- Harmonía estética
- Emprego de elementos reutilizables e naturais.
- Iluminación
- Innovación
- Calidade artística
- Impacto visual

O Xurado visitará as casas e negocios de tódolos participantes, unha vez finalizado o período de inscrición o 27 de Decembro, prioritariamente de noite e tamén de día de consideralo preciso. En tódolos caso contactarase antes cos/as participantes.

O Xurado visualizará visitará as casas, negocios... participantes no concurso dende a finalización do a inscrición, o 27 de Decembro, ata o 2 de Xaneiro, para emitir o seu fallo o día 3 de Xaneiro.

PREMIOS:

Categorías-

- PREMIO GLOBAL: Circuito termal + Comida ou Cea no Balneario de Caldas de Partovia (2 persoas)
- PREMIO AO MÁIS ORIXINAL: Comida ou Cea Buffet no Balneario de Laias (2 persoas)





CONCELLO DE CARBALLEDA DE AVIA

Rúa Castelao Nº 4 32412 Teléfono: 988 487000 Fax: 988 487176
Web: www.carballada.deAvia.com E-mail: info@carballadadeavia.com



- PREMIO A MILLOR ILUMINACIÓN: Comida ou Cea Buffet no Balneario de Laidas (2 persoas)
- PREMIO A MILLOR CALIDADE ARTÍSTICA: Acceso as termas de Prexigueiro (2 persoas)

Todos os participantes terán un detalle do Nadal

Para que poida realizarse o I CONCURSO DECORACIÓN NADAL deberá constar como mínimo un total de 5 balcóns, fachadas, fiestras, xardíns e escaparates.

PARTICIPANTES:

Poderán inscribirse e participar neste concurso tódalas persoas empadroadas no Concello de Carballada de Avia, que o desexen.

Os/as participantes terán plena liberdade en canto a técnica ou estilo de decoración dos seus balcóns, fiestras ,escaparates, xardíns e fachadas, sempre ca decoración do mesmo non supoña ningún tipo de perigo para os viandantes.

INSCRIPCIÓN:

As persoas interesadas en participar no concurso deberan formalizar a súa inscrición dende o día 13 de Decembro ás 10 horas ata o día 27 de decembro ata as 14.30 horas.

A inscrición é de balde , poderase facer presencialmente no Edificio Consistorial en horario de atención o público ou telefonicamente no Concello de Carballada de Avia no telefono 988487000 ou no 609321469, ou remitindo a inscrición no correo electrónico biblioteca@carballadadeavia.com, dando o nome completo, DNI, teléfono de contacto e dirección onde se atopa a casa ou negocio decorado.





CONCELLO DE CARBALLEDA DE AVIA

Rúa Castelao N° 4 32412 Teléfono: 988 487000 Fax: 988 487176
Web: www.carballeda.deAvia.com E-mail: info@carballedadeavia.com



DECORACIÓN:

A decoración dos balcóns, fachadas, fiestras, xardíns, escaparates ... gardará relación directa cos motivos de Nadal e deberan ser visibles dende a rúa. Queda totalmente prohibida iluminación dos mesmos empregando fogo, antorchas, velas ou calquera outro elemento pirotécnico.

CONDICIONS DE PARTICIPACIÓN:

As fachadas, balcóns, fiestras, xardíns e escaparates deberán estar listos para valoración o día 27 de decembro, e non poderán desmontarse ata o 6 de Xaneiro do 2024. Durante este período a iluminación da mesma, en caso de habela, manterase, como mínimo, dende as 19:00hs ata ás 22.00 horas, tódolos días da semana.

No caso de que houbera algún tipo de desperfecto no material que forma parte da decoración e/ou iluminación durante o período de exposición, esta deberá ser substituído ou retirado, sendo a responsabilidade do particular que monta a decoración.

O mero feito de inscribirse supón que os participantes aceptan as presentes bases do I CONCURSO DE DECORACIÓN DE BALCONS, FIESTRAS, XARDÍNS, ESCAPARATES E FACHADAS POLO NADAL 2023/24, así como do fallo do Xurado.

ENTREGA DE PREMIOS

O fallo do xurado será inapelable e farase público nos medios de comunicación locais (Facebook, , bando, páxina web e taboleiro de anuncios), ademais, avisarase telefonicamente os gañadores .





CONCELLO DE CARBALLEDA DE AVIA

Rúa Castelao N° 4 32412 Teléfono: 988 487000 Fax: 988 487176
Web: www.carballada de Avia.com E-mail: info@carballadadeavia.com



Biblioteca Pública Municipal
Carballada de Avia

O acto de entrega dos premios **será o 5 de Xaneiro, ao remate da Cabalgata, DESPOIS DA ENTREGA DOS AGASALLOS DOS REIS AOS NENOS E NENAS DO CONCELLO.**

En Carballada de Avia a 12 de Decembro do 2023
O Alcalde, Luis Milia Méndez
DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

